

TEMA 2.

ARTE CLÁSICA: ARTE ROMANA

CONTEXTO HISTÓRICO- ARTÍSTICO:

Segundo a lenda, Roma foi fundada no s.VIII a.C. por Rómulo e Remo. Os seus primeiros habitantes foron os Latinos, que estableceron unha monarquía ata o s.VI a.C. A partir do 510 a.C., Roma convértese nunha República, concedéndolle a máxima autoridade ó Senado. É un período de grande expansión e de conquistas militares: os romanos vencen ós diferentes pobos de Italia e conquistan toda a península ibérica. Derrotan ós cartaxineses e fanse co control do Mediterráneo, anexionándose Hispania, Galia e Grecia.

No s. I a.C., o sistema republicano entra en crise polas rivalidades políticas e as guerras civís. Nun primeiro momento, Julio César convértese nun dictador perpetuo, e tralo seu asasinato faise co poder o seu sobriño Octavio Augusto, que sería o primeiro emperador a finais do s.I. a.C. O imperio romano duraría en occidente ata o s.V. d.d.C. Nese período sucedéronse diferentes dinastías (Julia-Claudia, Flavia, Antoninos, Severos...).

A etapa de maior esplendor da civilización romana coincide co período do Alto Imperio (S.I a.C.-S.III d.C.). A Roma de esta época é un conglomerado de territorios, pobos e culturas diferentes que esixe un importante número de funcionarios e un poderoso exército para o seu control e administración. As formas políticas foron evolucionando e a figura do Emperador concentra os máximos poderes.

A partir do s.III, o Imperio entra en crise por problemas económicos, epidemias de peste e a presión dos pobos bárbaros. Estes acabarían invadindo o Imperio no s.V.

A nivel de organización social e económica, foi fundamental a masiva explotación dos recursos dos territorios conquistados e o recurso á man de obra escrava. A sociedade durante a monarquía dividírase entre patricios e pebleios, existindo tamén unha importante cantidade de poboación escrava e de libertos.

O Imperio romano foi un dos maiores que existiron; os romanos asimilaron moitos dos elementos e das características dos pobos que foron conquistando, sobre todo dos etruscos e dos gregos, admirando especialmente a estes últimos. Iso fai que a nivel artístico, os romanos teñen influencias do pasado ó tempo que suman trazos das zonas ocupadas: dos gregos toman a idealización aínda que con maior tendencia realista (o platonismo é substituído polo aristotelismo), de Oriente, o sentido ornamental e de luxo, dos etruscos, o retrato, o culto ós mortos, o arco de medio punto, o emprego de bóvedas, a

orde toscana. De tódolos xeitos, Roma transformaba eses elementos, polo que chegou a ser unha cultura orixinal, propia e inconfundible.

A este eclecticismo engaden a súa personalidade dominada polo sentido práctico. Fan unha arte ó servizo do Estado, que serve como propaganda política. De aí ven o carácter monumental e grandioso das obras; a importancia do retrato, retrato de poder; a planificación urbanística con cidades ex novo de plan ortogonal (ó modo dos planos hipodámicos gregos e dos propios campamentos militares) e as grandes obras de enxeñería: acuedutos, pontes, calzadas,...

A pesar de que vai adquirir unha expansión importante, o intenso proceso de romanización e a centralización político do Imperio fará que a Arte desenvolva unha arte homoxénea ao longo de todo o Imperio.

CARACTERÍSTICAS:

É unha arte unitaria, consecuencia indirecta do forte centralismo político, pero dun marcado carácter ecléctico, resultado dunha mestura de influencias etruscas, gregas e en menor medida exipcias e mesopotámicas.

Pero os romanos tamén achegan novos elementos:

- O pragmatismo (sentido práctico) e gusto polo concreto, reflectido nos retratos, nos relevos históricos e na arquitectura de claro carácter utilitarista.
- A tendencia ao monumental e grandioso.
- O uso da arte como medio ao servizo dos intereses propagandísticos do Estado.
- A tendencia á asimilación e á tolerancia cara ás tradicións dos pobos que vai controlando fan do mundo romano unha sociedade cosmopolita.
- O promotor é o Estado xunto coas corporacións locais, pero tamén os patricios se converteron en comitentes. O artista, moitos deles gregos, era unha figura anónima, considerado un mero artesán que domina unhas técnicas.

CARACTERÍSTICAS DA ARQUITECTURA ROMANA:

- Material: ademais de pedra e ladrillo, usan o morteiro ou formigón (conglomerado de cal, area e auga, ao que se engaden cascotes de pedra). Este material barato, rápido e resistente permítelles facer arcos e bóvedas (o inconveniente é a aparencia de pobreza, pero resólveno cubríndoo con pedra ou mármore no exterior e con mosaicos, pinturas ou mármore no interior).
- Sistema construtivo: o uso do formigón permite recorrer ao arco e á bóveda: "arquitectura abovedada". Partindo do arco de medio punto, por prolongación en liña recta, logran as bóvedas de canón, de aresta, de

cuarto de esfera, as cúpulas de media laranxa... O emprego do sistema abovedado permite, por primeira vez na historia da arquitectura, crear enormes espazos interiores. A descarga do peso de bóvedas e cúpulas faise sobre os grosos muros, combinando bóvedas ou mesmo arcos e linteis (dando lugar á aparición das enxoiatas). O resultado é unha arquitectura máis flexible, rica e dinámica.

•Elementos sustentantes: muros grosos e resistentes, e alicerces. A utilización de columnas non responde á finalidade práctica dos gregos, senón que ten unha función decorativa . Utilizan as tres ordes gregas (con máis liberdade e superpoñendo varios nun mesmo edificio, segundo criterios de riqueza decorativa : dórico, xónico, corintio), tamén a orde toscana (columna dórica, pero con base e fuste liso) e a orde composta (combinación de xónico e corintio . Baixo todos eles colocan pedestais.

• Como elementos decorativos recorren aos elementos arquitectónicos (ordes), escultóricos e pictóricos.

Diferenzas coa arquitectura grega:

• Primacía do espazo interno fronte ao espazo externo. Os romanos son creadores de espazos prácticos e funcionais, mentres que os gregos eran máis creadores de volumes , de espazos escultóricos, de valores estéticos.

• Preferencia pola construción civil fronte ao carácter relixioso da arquitectura grega.

A CIDADE ROMANA: TIPOLOXÍA E FUNCIÓN DOS EDIFICIOS PÚBLICOS.

A CIDADE ROMANA.

O romano é un ser urbano por natureza, a creación de cidades é un elemento crave do proceso de romanización .O modelo de cidade, vivendas e edificios relixiosos e públicos ten unha forte influencia etrusca e grega. A cidade de Roma e as súas construcións será o modelo para imitar polo resto das urbes controladas por Roma.

Os lugares escollidos para emprazar as cidades eran case sempre cruces de camiños ou eixos de comunicación... moitas veces a súa orixe esta en campamentos militares, que evolucionaron cara a asentamentos urbanos.

A cidade romana estaba rodeada por unha muralla, cunha estrutura ortogonal con referencia a dous eixos : Norte-Sur (Cardus) ;Este-Oeste (Decumenus). O espazo de cruzamento dos dous eixos é o Foro.

TIPOLOXÍA E FUNCIÓN DOS EDIFICIOS PÚBLICOS.

Para o romano a familia e a casa eran unha preocupación básica e podemos distinguir distintos tipos de vivendas: No espazo urbano destacan as domus e os palacios dos patricios fronte aos insulae ou bloques de apartamentos dos plebeos., e no rural terán importancia as villae dos grandes terratenentes. Pero ademais os romanos prestarán unha especial atención a cubrir un gran número de necesidades públicas. A maior parte das construcións instaláranse no Foro.

O Foro convértese así na parte fundamental da cidade romana, era a praza principal, lugar de espaxamento. Como o ágora das poles gregas, os foros das urbes romanas funcionaban como centro político, xurídico, relixioso e comercial. En torno ao foro instalábase a Curia (lugar de reunión do Senado), a Basílica (lugar para os procesos, os negocios...), ou o Templo (lugar para rituais relixiosos), as tendas...

Exemplos: En Roma o Foro Romano ou Republicano, a zona central ao redor da que se desenvolveu a antiga Roma.

Os Foros Imperiais: sucesión de ampliacións do foro romano que se realizaron por diferentes emperadores, que erixiron os seus propios foros ata formar un vasto complexo no centro de Roma; O complexo consta de catro foros imperiais, o Foro de César, o Foro de Augusto, o Foro de Nerva e o Foro de Trajano, realizados debido á crecente demanda, e ao desexo en cada caso de ter un foro máis representativo e solemne.

A gran diversidade de edificios públicos permítenos agrupalos en:

A) Edificios claves do foro: Templo e Basílica

B) Edificios destinados para espectáculos: teatros, anfiteatros, circos

C) Edificacións conmemorativas: Arcos de Triunfo, columnas.

D) Construcións destinadas a cubrir servizos públicos: calzadas, pontes, acuedutos, termas.

Os TEMPLOS.

Son unha síntese do templo etrusco (construído sobre podium, con escaleiras só na fachada) e do grego. A maioría son próstilos e pseudoperipteros, adoitan ter planta rectangular, co pronaos máis profundo e desaparece o opistodomas. Exemplos:

_ O Templo da Fortuna viril, en Roma de finais do século II ou principios do I .a. C.

_ Maison Carrée ou Casa Cadrada. En Nimes, Francia. Época Imperial, tempos de Augusto.

Excepcional pola súa planta redonda, a súa gran cúpula de casetóns e a nova concepción do espazo nos templos, é o Panteón de Agripa en Roma.

PANTEÓN DE ROMA.

Obra 9 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO**

As BASÍLICAS.

Son edificios construídos cun sistema abovedado, ou no seu caso arquiteado. Teñen planta rectangular e esta composto por tres naves, a central, de maior altura e leva xanelas. A estrutura da basílica vai servir de referencia aos templos cristiáns.

A súa función: lugar de reunión para as relacións comerciais ou administración de xustiza. Por iso ten unha, ou máis ábsidas semicirculares, para o maxistrado.

Exemplo: A Basílica de Majencio en Roma, do século IV.

EDIFICIOS DESTINADOS PARA ESPECTÁCULOS:

TEATROS:

_ Función Primordial : representación de obras teatrais.

_ O teatro romano deriva directamente do grego, aínda que existen algunhas diferenzas: organízase sen aproveitar o declive do terreo, construíndose sobre unha estrutura completamente abovedada de arcos e bóvedas de ladrillo ou formigón a “Cavea” ou graderio, con “Escena” monumental (cun “frons- scenae” ou fachada que serve de decorado permanente), “Orchestra” semicircular en lugar de circular (con asentos para personaxes importantes), con xardíns e peristilos na parte de atrás.

_ Tamén tiña importancia a estética do exterior: presenta unha serie de pisos, nos que xoga un papel importante o arco e a columna, xa que nos vans intermedios colocábanse estatuas. No interior había unha serie de corredores con portas de acceso e vomitorios á cavea, divididas en tres partes: a “imma cavea”, a “media cavea” e a “summa cavea”, colocándose os espectadores nelas segundo a súa clase social.

TEATRO DE MÉRIDA :

Obra 13 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO**

ANFITEATROS:

Son enormes espazos elípticos, formados pola unión de dous teatros, deseñados para distraer a grandes masas con combates de gladiadores, loitas de ferás e simulacros de combates navais (naumaquias).

Partes dun anfiteatro:

_ Area: Espazo central elíptico onde se desenvolven os espectáculos.

_ Subterráneo :Espazo baixo a area, cuberto por un teito de madeira, destinado a gardar o decorado, as gaiolas...

_ Cavea: Bancada, sobre un podium de tres metros, que bordea a area, soportado por bóvedas e con acceso a través dun sofisticado sistema de habitáculos, galerías e vomitorios.

ANFITEATRO FLAVIO (COLISEO):

Obra 10 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

CONSTRUCCIÓN CONMEMORATIVAS:

ARCOS DE TRIUNFO:

_ Os arcos de triunfo construíanse para os desfiles das tropas vencedoras, dedicados a xenerais ou emperadores vitoriosos e adoitábanse situar en lugares estratéxicos como cruces de calzadas, e sobre todo nos foros.

_ Tipoloxía variada: xeralmente están formados por un ou tres vans, o central máis amplo, por encima destes dispónse o entablamento e, sobre este, un segundo corpo chamado ático, sobre o que se colocan as inscricións. O conxunto complétase con motivos decorativos arquitectónicos e escultóricos.

_ Erixidos en honra do emperador ou xeneral vitorioso para conmemorar un feito relevante, dotan á cidade romana dun selo distintivo.

_ Lembran a porta simbólica que atravesaban os xenerais vitoriosos coas súas tropas á volta da guerra.

_ Ten forma de porta illada e xeralmente están formados por:

- Un ou tres arcos flanqueados por columnas ou pilastras, entaboamento, e ático: en ocasións había sobre el unha cuádriga de bronce.

Os paramentos estaban decorados con relevos, alusivos ao personaxe ou acontecemento.

ARCO DE TITO:

Obra 12 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

As COLUMNAS CONMEMORATIVAS:

_ A columna conmemorativa romana asentábase sobre un podium e todo o fuste, que tiña gran altura estaba decorado con relevos que narraban os feitos que se conmemoran. Normalmente na parte superior había unha estatua do emperador que a mandou construír.

_ Exemplos:

_ A Columna Trajana: de e S. II, atópase en Roma, no foro de Trajano, e conmemora a vitoria de Trajano fronte aos dacios, ademais ten un carácter funerario porque no plinto hai unha pequena cámara onde se garda unha urna coas cinzas do emperador; a columna estaba coroada por unha estatua de Trajano, que foi substituída. Todo o fuste esta decorado con relevos en sentido helicoidal, continuo e histórico-narrativo; no plinto hai decoración con armas e elementos propios dunha armadura.

_ Moi parecida é tamén a Columna de Marco Aurelio.

CONSTRUCCIÓNS PARA SERVIZOS URBANOS:

As TERMAS:

_ As Termas ou baños desempeñaban unha función esencial na vida social romana non só como balnearios senón ademais como lugares de reunión e recreo, polo que ás veces adquiren extraordinarias proporcións; constaban dunha sala para espirse ou “apoditerium”, baños fríos ou “frigidarium”, tépedos ou “tepidarium”, quentes ou “caldarium” e outras moitas dependencias de todo tipo, como ximnasio, zonas de masaxe, bibliotecas e espazos abertos de paseo.

_ Exemplos: As Termas de Caracalla, en Roma. Eran enormes, tiñan capacidade para máis de 1000 persoas; no centro estaban os baños propiamente ditos, esta zona era moi simétrica, a sala circular era o Caldarium, a sala contigua o Tepidarium e a seguinte en forma de cruz, o frigidarium; o resto eran zonas de recreo... todo luxosamente decorado con mosaicos no chan, mármore cubrindo os muros de formigón, esculturas, etc.

PONTES:

Extraordinarias obras de enxeñería, sobre arcos e bóvedas, que aínda hoxe se utilizan en moitos casos. Algúns de gran altura, como o Ponte de Alcántara, outros de extraordinaria lonxitude, como o Ponte de Mérida.

O Ponte de Alcántara foi construído no s.II, cruza o río Texo na localidade cacereña de Alcántara. Consta de seis arcos de desigual altura, os cales descansan en cinco alicerces á súa vez a distintas alturas sobre o terreo. Existe un fornello conmemorativo cun arco de triunfo superior no centro da ponte cunha altura de 10m. A ponte está feito de sillares almofadados de granito.

ACUEDUCTOS:

Son construcións ideadas para canalizar a auga desde os mananciais, por unha canle de argamasa cuberta con bóvedas. Para salvar desniveis esta canle levantábase sobre arcos de medio punto, en casos superpostos. Os

acuedutos terminaban na parte alta da cidade, nunha torre desde a que se distribuía a auga por canles de cerámica ou chumbo. Levaban a auga desde lagos naturais ou pantanos ata as cidades. Formados por arquerías sobre os que ían as canles ao descuberto. Algúns miden varios Km. Son tamén un símbolo do poder romano nos territorios conquistados.

ACUEDUCTO DE SEGOVIA:

Obra 11 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

A ESCULTURA EN ROMA.

A escultura en Roma tamén está vinculada a dúas tradicións: a grega e a etrusca.

O tema escultórico en Roma segue a ser o Home; pero non baixo a idealización grega, senón máis ben cun carácter realista. Dous xéneros son fundamentais: o retrato e o relevo, sen esquecer no último campo a importancia do relevo histórico.

1. O RETRATO:

_ O retrato é a achega romana máis orixinal á escultura. A súa orixe está nunha práctica funeraria de culto aos antepasados, que era a de crear “imaxes maiorum”. Cando algún patricio morría sacábase do seu rostro unha máscara de cera, que se gardaba na casa e exhibíase nos funerais ou noutras cerimoniais públicas.

_ A súa característica principal, por tanto, é a fidelidade nos trazos e nos tocados (neste caso sobre todo no retrato feminino).

A) Período Republicano.

Nos retratos de época republicana a escultura é de gran realismo, cos trazos faciais moi acentuados, a escultura consiste nun busto curto, que só representa cabeza e pescozo. Os homes levan o pelo curto

Exemplos: Lucio Xuño Bruto, Pompeyo, Bruto Barberini, os retratos de Julio Cesar

B) Retratos Imperiais.

_ No retrato de corpo enteiro das emperadores do Alto Imperio atopamos tres versións:

• “Imaxe Togata”, como patricio ou pontífice máximo, con toga. Exemplo: Retrato togato de Augusto, no que a postura marca o contraposto e a cabeza está cuberta.

•“Imaxe thoracata”, como emperador, xefe militar ou cónsul, con indumentaria militar, con coraza. Exemplo: o Retrato toracato de Augusto ou Augusto de Prima Porta: imponse unha plástica clasicista, de tradición grega, onde Augusto aparece con canon e proporcións clásicas, composición en contraposto, rostro idealizado. Augusto está a dirixirse ao exército, polo que está vestido de militar e co brazo no alto, se esculpe con precisión o contraste entre a coraza lisa e dura e a tea branda; a coraza esta chea de relevos alusivos á paz augusta e na parte interior hai unha figura infantil sobre un golfiño, alusiva á orixe divina da familia Julia.

•“Imaxe apoteósica”, heroizado ou como divindade, espido, coroa de loureiro e o atributo dalgún deus. Exemplo: O Retrato Apoteósico de Augusto ou o de Claudio heroizado

_ Nos retratos dos primeiros emperadores, principios do século I d. C., obsérvase unha tendencia cara a certo idealismo, por influencia grega, polo que podemos falar dun realismo idealizado no que os trazos máis acusados disimúlanse.

_ Nos retratos dos séculos II e III téndese a un progresivo barroquismo, o pelo se esculpe máis longo e separado da cabeza, con rizos moi avultados, aparecen as barbas, etc. Desde Adriano e sobre todo a partir do século III grávanse as pupilas. Exemplos: Adriano, Marco Aurelio: do que entre outros varios temos un magnífico retrato ecuestre en bronce do século II, o máis antigo dos conservados e o de maior influencia posterior, durante a Idade Media e o Renacemento. Esta imaxe tiña como finalidade mostrar a Marco Aurelio como “imperator”, como xeneral vitorioso e conquistador, pero con todo, ao non levar armas ou armadura, parece transmitir máis unha imaxe de paz que de heroe militar, tal e como el percíbíase a si mesmo e ao seu reino. De feito Marco Aurelio pasou por ser o estadista máis pacifista da Historia de Roma, era un home de razón, e así aparece retratado nesta escultura. Non cos atributos militares, senón coa toga dun filósofo. Incluso o cabalo, coa súa actitude rotunda, non violenta, contribúe a transmitir a idea de poder sereno e sabio. As catro patas sobre o chan, equilibrando a figura. Máis que vencer ao bárbaro parece que o aplaque, convénzao (a figura dun bárbaro atopábase baixo o cabalo, desaparecida).

_ A partir do século IV, xa no Baixo Imperio, o retrato romano caracterízase pola rixidez e o hieratismo, que ha de pasar ao mundo cristián.

_ Os retratos deshumanízanse, pérdese a preocupación por facer retratos que se acheguen ao home, téndese a unha esquematización que afasta ao emperador da sociedade. Por tanto, a súa escultura pódese considerar xa “anticlásica”.

_ Exemplos:

_ Constantino do Palacio dos Conservadores de Roma: trátase da cabeza dunha escultura de corpo enteiro que se conserva fragmentada e que tiña dimensións colosais; Constantino aparece imberbe e ten o pelo pegado á cabeza, os quecos son meras liñas, os ollos son grandes, desorbitados e desproporcionados.

_ O grupo dos Tetrarcas: que representa a dous augustos ou césares dándose o abrazo da concordia e posúe unhas características similares ás mencionadas.

2. O RELEVO

_ As súas principais características son a idealización nos temas relixiosos e o realismo e o carácter narrativo nos de carácter histórico, os máis característicos e significativos. Ao contrario que na escultura grega, onde os grandes feitos históricos lembrábanse mediante temas mitolóxicos, na romana os protagonistas son os homes, os xenerais que gañaron as guerras que conmemoran estes relevos.

Ara Pacis: altar realizado no 13 a. C. para conmemorar a paz tras a guerra das Galias e de Hispania. O Senado decide consagrar esta Ara da Paz, onde sacerdotes, maxistrados... debían realizar un sacrificio anual.

Trátase dun altar a modo de pequeno templo, de forma rectangular, co ara no centro sobre un pedestal graduado e un recinto murado, de 10 m. con dúas entradas: a principal, con escalinata, para os oficiantes, e a posterior.

A decoración concéntranse principalmente no muro exterior. Podemos distinguir catro grupos:

- a) Os frisos externos co desfile procesional.
- b) Os catro relevos alegóricos que flanquean as dúas portas.
- c) O zócalo corrido externo, con roleos e acantos
- d) O friso interno, con búcaros e grilandas.

No desfile procesional atópase Augusto coa súa familia, cortesáns, etc, cunha gran riqueza en actitudes, posicións e vestimentas, con homes, mulleres e nenos en distintos planos, que dan profundidade e crean un excelente espazo. A solución plástica trata de encher obsesivamente todo o espazo, onde o papel do relevo marca a perspectiva. Así as figuras do primeiro plano represéntanse no alto relevo, mentres que as dun segundo e terceiro plano realízanse no medio e baixo relevo.

A Columna de Trajano: O inmenso fuste queda envolvido de forma ininterrompida, por un friso de relevos en espiral que corre de abaixo arriba ao longo de máis de 200 m. , coa campaña da toma da Dacia, dirixida polo emperador; narra con toda minuciosidade cada un dos pasos que se foron dando: chegada do exército, talla de árbores, construción do campamento e a ponte, de barcas para atravesar o río, o asedio e posterior toma da cidade... É como unha crónica diaria sculpida sobre pedra, pensada máis para ser lida que para ser contemplada, ata o extremo de que se sacrifica a técnica a favor da claridade. O valor narrativo está por encima do estético, así as figuras máis de 2.500 en total ,ven todas con igual nitidez, son máis de 150 escenas xuxtapostas, sen separación entre elas, o que non dificulta a comprensión.